




FERVENZAS DO EO-BALEIRA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Fonteo-San Paio-Marronda: 14 km
A pé: 4 km

Dificultade: baixa
Duración: 3 horas

Unha ruta no concello de Baleira para coñecer varias fervezas no río Eo e os seus afluentes, dentro dun entorno natural de gran beleza e valor ecolóxico. Pódese facer o percorrido combinando coche con pequenas camiñadas ou atreverse a facela toda a pé seguindo as rutas indicadas polo concello. Podemos complatala tamén cunha visita á área recreativa da Cortevella



Nacemento do Eo en Fonteo.



1-Pozo da Serra

No río Eo, pouco despois do seu nacemento en Fonteo. No lugar de San Paio, na parroquia de Cubilledo (Baleira). A ferveza ten unha altura de 8 a 10 m en lousas e está un pouco modificada pola presa do muíño.

COMO CHEGAR:

Desde Fonteo cóllese a estrada que vai a Cubilledo e Castro. Crúzase a ponte sobre o Eo e cóllese o cruce cara a San Paio, un pouco despois á dereita está a ferveza á que se chega polo sendeiro do muíño. De Fonteo á ferveza hai 3,5 km.

2-Pozo da Ferrería

No rego de Cubilledo, afluente do Eo, en San Paio (Baleira). Pouco antes de se xuntar co Eo cae nun desnivel en lousas de 3 m de altura.

COMO CHEGAR:



Despois de pasar San Paio séguese pola estrada cara arriba e nunha curva pechada cóllese un desvío cara á dereita ata chegar ao río. Crúzase a ponte e vaise río arriba uns 200 m ata atopar o rego e a ferveza.



Pozo da Serra



Pozo da Ferrería



Fervenza da Marronda

3-A Marronda

No rego de Souto, afluente do Martín (Eo) que discorre polo fondo da fraga da Marronda, espazo protexido como LIC na REDE NATURA 2000.

O rego forma varios saltos e rápidos, A fervenza máis alta ten arredor de 6 m de altura en cuarcitas e lousas.

COMO CHEGAR:

Desde A Braña cóllese a pista que vai a un repetidor de televisión e, despois de 1,7 km cóllese a pista de terra, á esquerda, que vai á Marronda. A 1.200 m atópase un depósito de auga e uns 100 m despois, un carreiro que baixa á esquerda polo medio da fraga ata a fervenza (600 m).



Val do rego de Souto na Fraga da Marronda.